

Xornadas de normalización lingüística. Santiago 24-25 novembro

Pensando en Galego

Víctor R. Gesto

Cando se cerra a edición deste número especial están sendo organizadas pola Federación do Ensino de CC.OO. as «Xornadas de Normalización Lingüística» os días 24 e 25 de novembro.

Queremos, sen embargo, informar sobre o que «serán» ou «foron» estas xornadas, esperando que o pretérito e o futuro nunca simultáneos esta vez coincidan no posible.

Estas xornadas son continuación do desenvolvemento do debate nunca rematado no seo da Federación do Ensino de CC.OO. de Galicia e son tamén o compromiso acadado no III Congreso da nosa organización.

A normalización lingüística galega ten atrancos no seu desenvolvemento, no momento que dende unha situación democrática o compromiso do poder político galego non foi máis aló da creación dun marco lexislativo insuficiente e de meras declaracións de intencións. Non existe unha estratexia que permita a normalización da lingua no conxunto da sociedade, estratexia que coidamos tiña que ter pasado e que terá que pasar, polo diseño do mapa sociolingüístico de Galicia, polo aumento do presuposto na Política de Normalización Lingüística (antes de 1989 menos de 100 millóns de ptas., no ano 1989 310 millóns) e polo diseño dunha planificación xeral do proceso de normalización que contemple mecanismos de sensibilización e prestixio da lingua galega e, por último, tamén pola búsqueda dun amplo apoio social.

Outras barreiras na normalización echégannos unhas veces do goberno do Estado, entre elas, pola importancia que tiveron, podemos citar-lo recurso do goberno socialista contra o emprego do galego na área de Ciencias Sociais no Ensino ou as interpretacións que o Tribunal Constitucional fai do da lingua galega como un dereito individual e non como un dereito colectivo.

O desinterés e nalgúns casos as trabas que a administración pon á normalización impide á nosa organización, en certa medida, centrarmonos na concreción dos aspectos sindicais que todo modelo de normalización conleva no ensino. A non existencia dun modelo normalizador no ensino levóu á Federación a asinar un proxecto de modelo de normalización que, para nós, ten tres dimensións: por un lado de elemento de contraste coas propostas das institucións políticas; por outro, de elemento motivador da comunidade educativa, e por último, de elemento referente para acadar un amplo apoio social. No entendemento que todo modelo é flexible no seu contido máis non nos principios que o inspiran, a normalización da lingua no ensino.

Estas xornadas de normalización dentro do contexto da situación actual do galego no ensino deben contribuir nun primeiro paso a desbroza-las medidas e aspectos que inciden na mellora da calidade do ensino e nas condicións do profesorado como un dos elementos protagonistas de todo modelo de normalización no campo educativo.

Os eixes do debate nas xornadas serán a necesidade de realizar propostas que melloren e adapten a formación inicial do profesorado á realidade cultural, económica e social de Galicia, e que contemple métodos e didácticas para a normalización lingüística no ensino. A mobilidade e provisión dos postos docentes segundo a catalogación dos mesmos respetando de xeito prioritario as implicacións que o modelo de normalización produce.

Tampouco no ámbito do debate podemos esquecer os medios pedagóxicos e didácticos que o ensino en galego demanda, como son:

- Un plan de formación do profesorado en exercicio, no que a normalización lingüística sexa un dos elementos centrais do plan.

- Un léxico galego para todas e cada unha das áreas e asignaturas do currículo escolar.

- A coordinación dos servizos existentes de apoio pedagóxico e didáctico e creación de novos servizos para o reforzo do proceso de normalización.

- A edición de materiais didácticos para os distintos niveis de ensino que permitan paliar as carencias e deficiencias que a calidade do ensino ten en Galicia.

«Pensando en Galego» deben ser unhas xornadas que contribúan a ampliar a conciencia necesaria para poder avanzar na solución do conflito lingüístico que vive a nosa sociedade e en especial no campo educativo.

Santiago, a 14 de novembro de 1989